



FESTIVAL DE TÍTERES NADAL 2022 FORUM METROPOLITANO



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

Máis información en
www.coruna.gal/cultura

+3
ANOS



Venres
23.12.2022
18:00h

LA RATITA PRESUMIDA

de Tropes Teatro de Títeres

- Unha obra de monicreques de crochet.
- Duración: 45 minutos. En castelán.
- Elenco artístico: Patricia Arroyo e Guillermo Gil.

Unha divertidísima versión do coñecido conto tradicional repleta de cancións e ladaíñas infantís. O amor non se pode escoller. Ás veces chega e logo vaíse. Ás veces queda para sempre e ás veces non o atopas nunca. Outras, telo tan preto que nin o ves. Á nosa "ratita" choveranlle unha chea de pretendentes...pero non se poderá resistir aos encantos dun gato alto, guapo e con acento francés. Atopará o seu amor verdadeiro ou terminará sendo a cea do señor Don Gato?

+5
ANOS



Luns
26.12.2022
18:00h

LA MONA SIMONA

de La Sonrisa del Lagarto

- Teatro de sombras chinesas e monicreques.
- Duración: 55 minutos. En castelán.
- Elenco artístico: Marli Santana e Ave Hernández.

Colgada dunha rama dun milenario baobab, a mona Simona espera con moito soño a chegada do alba para saudar ao astro rei, o Sol. A todos os animais que pasan por debaixo do súa arbore convidalles ver o gran espectáculo e para escorrer o sono e a soledade da espera, pídelles que lle conten un conto. "Premio a la Mejor Producción" 8º FITIJ Festival Internacional de Teatro Infantil y Juvenil 2017. Santo Domingo, República Dominicana.

+3
ANOS



Martes
27.12.2022
18:00h

SAGA DE FLIN HAVARDR

de Teatro Marionetas Trécola

- Unha obra orixinal de marionetas de fíos e música en directo.
- Duración: 50 minutos. En galego.
- Elenco artístico: Isa G. Coldeira, Ero Vázquez Cabrera, Ura Vázquez García e Pablo Pintor.

Eran as sagas unha cantiga á heroicidade de grandes guerreiros viquingos fortes e valentes, que abandonaban as súas terras ermas e murchas polo clima nórdico e partían nos seus drakar para conquistar outros pobos na procura de alimento e tesouros. Non é o caso da Saga de Flin Havardr un pastor que albisca nun sono as súas proezas como guerreiro e, xa na realidade, leva a cabo unha viaxe inesperada acompañado por unha tripulación moi particular que nada ten de forte nin de valente aínda que abunda en creatividade. Conseguirán chegar á terra a conta da morriña dun dos seus tripulantes... Conquistarán ou serán conquistados?

+4
ANOS



Mércores
28.12.2022
18:00h

CHINCHULINA Y EL RUISEÑOR DE LA CHINA

de La Canica Teatro

- Monicreques de madeira, obxectos e danzas de oriente.
- Duración: 45 minutos. En castelán.
- Interpretación e coreografía: Alba Vergne.

O emperador da China vivía nun fermoso palacio feito todo da porcelana máis fina e fráxil do mundo, con belos xardíns e as flores máis exquisitas e perfumadas do mundo. Tamén tiña unha filla moi alegre chamada Chinchulina, algo tímida, pero en canto escoitaba música perdía a súa timidez e poñíase a bailar por todo o palacio. Pero...un día a tristeza apoderouse do corazón de Chinchulina. Só o canto dun paxaro chamado "Ruiñeñor Azul" podería devolvérle a alegría. O emperador da China, que nunca saíra do seu fermoso palacio, decidiu saír na súa procura. Na súa viaxe irá descubrindo os afáns, os desvelos e os soños dos humildes poboadores do seu gran imperio.

+2
ANOS



Xoves
29.12.2022
18:00h

GÜELA-GÜELA

de Galitooon

- Espectáculo de monicreques con luz negra.
- Duración: 45 minutos. En galego.
- Elenco artístico: Chisco Casteleiro e Vicky Pérez.

Desde sempre, a misión das cegoñas foi a de levar os bebés recen nacidos aos brazos dos seus pais, voando sempre en grupos ou bandadas. Para iso, foron dotadas duns picos longos e fortes, e unhas ás grandes e poderosas. Por un día, Güilly, unha pequena cegoña, decidiu que xa era maior para levar un hatillo cun bebé, pero ao ser aínda pequeno e non poder seguir o ritmo da bandada o resto das cegoñas non lle deixaron. Sen embargo un día, sen saber moi ben como, as cegoñas adultas esqueceron un hatillo cun bebé moi peculiar. Que pasará a partir de aquí?, Quen levará a ese bebé até os seus pais?...

*

ENTRADA: 3,00 €. ABONO FAMILIAR (3 entradas para a mesma función): 6,00 €. MENORES DE 2 ANOS : 2,00€

VENDA DE BILLETES:

- www.ataquilla.com

- Despacho de billetes da praza de Ourense (agás festivos): de luns a venres, das 11.00 ás 15.00h e das 16.30 ás 19.30 h.

- Despacho de billetes do Forum Metropolitano: dende unha hora antes do comezo do espectáculo (sempre que queden entradas dispoñibles).

Pídesse puntualidade. Non se permitirá acceder á sala unha vez que empece a función. Todas as persoas que accedan ao auditorio do Forum deben facelo con entrada. Despois do espectáculo, se che gustou, compárteos nas redes sociais ou déixanos un comentario no noso correo forum@coruna.es